**EAPU “Eduardo Pondal”**

**Departamento de Xeografía e Historia**

**Ámbito Social**

**Guía didáctica do Módulo 3 Semipresencial**

**Curso 2025-2026**

| | |
|---|---|
| Horario titoría lectiva | Grupo tarde: luns 18:15 a 19:00<br>Grupos mañá: xoves 10:45 a 11:30 |
| Horario titoría de orientación | Martes 18:15 a 19:00<br>Xoves 10,00-10,45<br>Venres 10:45 a 11:30 |
| Profesor | Emilio A. García Fernández |
| Correo | egarcia@edu.xunta.es |
| Teléfono do centro | 881 960 901 |

## 1.-MATERIAIS E RECURSOS

**-AULA VIRTUAL**: os materiais empregados e mencionados na clase polo docente serán subidos á Aula Virtual da EPAPU Eduardo Pondal con regularidade.
**Importante**: **revisar semanalmente a Aula Virtual** para poder realizar un seguimento axeitado do curso.

**-LIBRO DE TEXTO**: empregaremos como referencia os materiais proporcionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. No momento da elaboración desta guía están p**endentes de actualización.** En canto estean dispoñibles, se lle comunicará ao alumnado.

## 2.-CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

### Grupo MAÑÁ. Xoves: 10:45 a 11:30

| 1º CUADRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| DATAS | BLOQUES | CONTIDOS |
| 18 setembro | **Bloque 1** | Presentación. Coñecementos previos.<br>- Procura de información, elaboración de traballos ou proxectos en que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes e exposición orais sobre diferentes temas que se abordan no curso.<br>- A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. |
| 25 setembro | **Bloque 1** | - Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.<br>- A globalización.<br>- Dereito internacional e cidadanía global. |
| 2 outubro | **Bloque 2** | - O mundo laboral. O emprego na sociedade actual.<br>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. |
| 9 outubro | **Bloque 2** | - Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.<br>- A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.<br>- Formas de Estado e tipos de goberno. |
| 16 outubro | **Bloque 2** | - A democracia: principios, procedementos e institucións.<br>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.<br>- Valores constitucionais.<br>- Os desafíos da democracia actual. |
| 23 outubro | **Bloque 2** | - A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas.<br>- As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa. |
| 30 outubro | **Bloque 2** | - Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena.<br>- España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia. |
| **6 novembro** | | **1º parcial** |
| 13 novembro | **Bloque 2** | - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX.<br>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. |
| 20 novembro | **Bloque 2** | - Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros.<br>- A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII. |
| 6 novembro | **Bloque** | - Goya. Interpretación dos cadros *A carga dos mamelucos* e *Os Fusilamentos do 3 de maio*.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. |
| 27 | **Bloque 3** | - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. |

| | | |
|---|---|---|
| novembro | | - Actitudes e comportamentos sexistas.<br>- A participación democrática: ser cidadáns. |
| 4 decembro | **Bloque 3** | - O conflito lexitimidade-legalidade.<br>- Obxección de conciencia. |
| 11 decembro | | - Dúbidas cara ao exame.<br>- Repaso final. |
| **18 decembro** | | **2º parcial** |
| **8 xaneiro** | | **Cualificacións** |
| 11 xaneiro | | Repaso exame final. |
| 15 xaneiro | | **EXAME FINAL** |

## Grupo tarde. LUNS: 18:15 a 19:00

| 2º CUATRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| DATAS | UNIDADES | CONTIDOS |
| 15 setembro | **Bloque 1** | Presentación. Coñecementos previos.<br>- Procura de información, elaboración de traballos ou proxectos en que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes e exposición orais sobre diferentes temas que se abordan no curso.<br>- A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. |
| 22 setembro | **Bloque 1** | - Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.<br>- A globalización.<br>- Dereito internacional e cidadanía global. |
| 29 setembro | **Bloque 2** | - O mundo laboral. O emprego na sociedade actual.<br>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. |
| 6 outubro | **Bloque 2** | - Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.<br>- A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.<br>- Formas de Estado e tipos de goberno. |
| 13 outubro | **Bloque 2** | - A democracia: principios, procedementos e institucións.<br>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.<br>- Valores constitucionais.<br>- Os desafíos da democracia actual. |
| 20 outubro | **Bloque 2** | - A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas.<br>- As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa. |
| 27 outubro | **Bloque 2** | - Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena.<br>- España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia. |
| **10 novembro** | | **1º parcial** |
| 17 novembro | **Bloque 2** | - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX.<br>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. |
| 24 novembro | **Bloque 2** | - Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros.<br>- A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII. |
| 1 decembro | **Bloque 2** | - Goya. Interpretación dos cadros *A carga dos mamelucos* e *Os Fusilamentos do 3 de maio*.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. |
| 8 decembro | **Bloque 3** | - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres.<br>- Actitudes e comportamentos sexistas.<br>- A participación democrática: ser cidadáns. |
| 15 decembro | **Bloque 3** | - O conflito lexitimidade-legalidade.<br>- Obxección de conciencia. |

| | | |
|---|---|---|
| 12 xaneiro | | - Dúbidas cara ao exame.<br>- **Repaso final.** |
| **19 xaneiro** | | **2º parcial** |
| **21 xaneiro** | | **Cualificacións** |
| **26 xaneiro** | | **EXAME FINAL** |

## Grupo MAÑÁ. Xoves: 10:45 a 11:30

| **2º CUADRIMESTRE** | | |
|---|---|---|
| DATAS | BLOQUES | CONTIDOS |
| 19 febreiro | **Bloque 1** | Presentación. Coñecementos previos.<br>- Procura de información, elaboración de traballos ou proxectos en que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes e exposición orais sobre diferentes temas que se abordan no curso.<br>- A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. |
| 26 febreiro | **Bloque 1** | - Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.<br>- A globalización.<br>- Dereito internacional e cidadanía global. |
| 5 marzo | **Bloque 2** | - O mundo laboral. O emprego na sociedade actual.<br>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. |
| 12 marzo | **Bloque 2** | - Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.<br>- A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.<br>- Formas de Estado e tipos de goberno. |
| 26 marzo | **Bloque 2** | - A democracia: principios, procedementos e institucións.<br>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.<br>- Valores constitucionais.<br>- Os desafíos da democracia actual. |
| 23 outubro | **Bloque 2** | - A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas.<br>- As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa. |
| 9 abril | **Bloque 2** | - Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena.<br>- España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia. |
| **16 abril** | | **1º parcial** |
| 23 abril | **Bloque 2** | - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX. |

| | | |
|---|---|---|
| | | - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. |
| 30 abril | **Bloque 2** | - Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros.<br>- A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII. |
| 7 maio | **Bloque** | - Goya. Interpretación dos cadros *A carga dos mamelucos* e *Os Fusilamentos do 3 de maio*.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. |
| 14 maio | **Bloque 3** | - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres.<br>- Actitudes e comportamentos sexistas.<br>- A participación democrática: ser cidadáns. |
| 4 decembro | **Bloque 3** | - O conflito lexitimidade-legalidade.<br>- Obxección de conciencia.<br>Dúbidas cara ao exame.<br>- Repaso final. |
| **21 maio** | | **2º parcial** |
| **22 maio** | | **Cualificacións** |
| **26 maio** | | **EXAME FINAL** |

## Grupo tarde. LUNS: 18:15 a 19:00

| 2º CUATRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| DATAS | UNIDADES | CONTIDOS |
| 23 febreiro | **Bloque 1** | Presentación. Coñecementos previos.<br>- Procura de información, elaboración de traballos ou proxectos en que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes e exposición orais sobre diferentes temas que se abordan no curso.<br>- A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. |
| 2 marzo | **Bloque 1** | - Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.<br>- A globalización.<br>- Dereito internacional e cidadanía global.<br>- O mundo laboral. O emprego na sociedade actual.<br>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. |
| 9 marzo | **Bloque 2** | - Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.<br>- A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.<br>- Formas de Estado e tipos de goberno. |
| 16 marzo | **Bloque 2** | - A democracia: principios, procedementos e institucións.<br>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.<br>- Valores constitucionais.<br>- Os desafíos da democracia actual. |
| 23 marzo | **Bloque 2** | - A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas.<br>- As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa.<br>- Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena.<br>- España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia. |
| **13 abril** | | **1º parcial** |
| 20 abril | **Bloque 2** | - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX.<br>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.<br>- Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros. |
| 27 abril | **Bloque 2** | - A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII.<br>- Goya. Interpretación dos cadros *A carga dos mamelucos* e *Os Fusilamentos do 3 de maio*.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. |
| 11 maio | **Bloque 3** | - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres.<br>- Actitudes e comportamentos sexistas.<br>- A participación democrática: ser cidadáns.<br>- O conflito lexitimidade-legalidade.<br>- Obxección de conciencia.<br>- -Dúbidas cara ao exame.<br>- Repaso final. |

| | | |
|---|---|---|
| **18 maio** | | **2º parcial** |
| **20 maio** | | **Cualificacións** |
| **26 maio** | | **EXAME FINAL** |

## 4.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

De xeito habitual, realizaranse dous parciais por cuadrimestre e, no caso de aprobalos, o alumnado quedará exento da proba final. En caso de non acadar o suficiente nestes parciais, o alumnado terá que presentarse á proba final quedando aínda posibilidade de aprobar a materia a través da avaliación extraordinaria.

O exame poderá combinar tres tipos de preguntas:

- Definicións breves de termos específicos das unidades obxecto de avaliación.
- Preguntas breves
- Preguntas tipo test nas que as respostas incorrectas poderían baixar a nota. O valor de cada unha destas partes será indicado en cada un dos exames.

Poderá reservarse ata un 20% da nota da avaliación para a valoración de traballos e exercicios propostos e da actitude ante a materia, en función da dispoñibilidade de elementos avaliables.

## 5 CRITERIOS E CONTIDOS MÍNIMOS

- Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea, xerar produtos orixinais e creativos, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas en que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.
- Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.
- Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.
- Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro.
- Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, dignidade e dereitos humanos.
- Identificar os principais feitos históricos do século XVIII e inicios do XIX nos diferentes contextos.
- Valorar os cambios que se propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos e que teñen unha incidencia no presente.
- Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade.
- Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual, recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados, xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.
- Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes, actuando en favor do seu desenvolvemento e defendendo os valores constitucionais e democráticos.
- Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso

país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

- Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e da toma razoada e dialogante de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade, a pobreza, os dereitos fundamentais, a igualdade de xénero e o coñecemento dos dereitos LGTBIQ+.
- Saber expoñer, coherentemente, oralmente e por escrito as ideas, con corrección léxica, ortográfica e gramatical.
- Saber buscar información utilizando e fontes variadas e fiables, incluídas as TICs.
- Utilizar adecuadamente o vocabulario específico dos distintos temas estudados.
- Análise e comentario de documentos históricos: textos, gráficos, estatísticas e mapas.
- Identificación e interpretación de distintos tipos de mapas, gráficos, imaxes... de contido xeográfico, histórico ou artístico.
- Diferenciación entre as causas e as consecuencias dun feito xeográfico ou histórico.
- Elaboración de eixos cronolóxicos e/ou ordenación cronolóxica de feitos históricos
- Entender a interrelación de factores (multicausalidade) cando se desenvolve a análise dun fenómeno histórico.
- Localización e explicación das ideas contidas nun documento de carácter histórico.
- Coñecementos dos trazos demográficos, económicos, sociais, políticos e culturais das distintas etapas históricas traballadas.
- Establecemento de diferenzas ou semellanzas entre modelos económicos, sociais ou políticos, así como entre fenómenos, acontecementos ou procesos históricos.
- Aplicación dos principios democráticos de respecto e tolerancia cara aos compañeiros e compañeiras e cara ao profesorado nas relacións existentes dentro da aula.